

INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO ACADÉMICO 2020 - 2021.

- O Procedemento para a admisión de alumnos en centros docentes sostidos con fondos públicos regúlase polo Decreto 254/2012 do 13 de decembro (D.O.G do 26 de decembro de 2012) e pola Orde do 12 de marzo de 2013 (D.O.G. do 15 de marzo de 2013), modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (D.O.G. do 1 de febreiro).
- Oferta de postos escolares:
 - 4º de Ed. Infantil : 22 + 3 (reservadas)
 - 5º de Ed. Infantil : 2
 - 6º de Ed. Infantil : 6
 - 1º de Ed. Primaria : 1+3 (reservadas)
 - 2º de Ed. Primaria: 2
 - 3º de Ed. Primaria: 4
 - 4º de Ed. Primaria: 4
 - 5º de Ed. Primaria: 7
 - 6º de Ed. Primaria: 3
- A zona de influencia do centro: Seguindo a resolución do Delegado da Consellería de Educación e O.U con saída do 6 de Abril de 2009 sinálase o límite sur desta zona por rúa Cantarrana, límite de Avda. Cantarrana en proxección coa rúa Vila de Vilalba estendéndose pola rúa Vila de Ribadeo. Inclúe Granxas, Covas, Congostras, Pallaregas, O Pedregal, Súsbarras, etc. Pola parte Norte – Noroeste esténdese ata o camiño de Nogarido en cruce coa estrada de Ferrol ata a praia dos Castelos. Polo oeste prolóngase ata a montaña que discorre paralela ao ferrocarril .
- O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o día **1 ata o día 20 de marzo de 2019**, ámbolos dous inclusive.

O impreso de solicitude (Anexo II - formulario normalizado ED550B) será facilitado gratuitamente no centro e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado” (<https://wwwedu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da consellería competente en materia de educación.

Documentación a achegar coa solicitude de admisión:

- Copia do D.N.I da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito da idade do/da alumno/a.

C.E.I.P. PLURILINGÜE DE COVAS

- Certificado empadramento.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- No suposto de que exista máis demanda que oferta de postos escolares, abriase un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos dous días seguintes ao remate do prazo, para presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados.
- O criterio complementario aprobado polo Consello Escolar tal e como se recolle no apartado i) ao abeiro do disposto no Decreto 254/2012 e na Orde do 12 de marzo de 2013 é o seguinte: **Por solicitar en primeiro lugar un centro público**. A valoración deste criterio será 1 punto e a acreditación farase de oficio polo propio centro, sendo o documento acreditativo a propia solicitude de admisión (ANEXO II da Orde).
- A relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido, por cursos, publicarase antes do **25 de abril** mediante listaxes ordenadas por puntuación. Esta listaxe provisional poderá ser obxecto de reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación ante o Consello Escolar.
- As listaxes definitivas serán publicadas antes do **15 de maio**.
- O prazo de formalización da matrícula, que deberá axustarse ao modelo normalizado do ANEXO III da Orde do 12 de marzo de 2013, será do **20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo non se formalizara a matrícula, decaerá o dereito á praza obtida.

IMPORTANTE:

- Só se pode presentar unha única solicitude e será no centro que se solicita praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

O HORARIO DE ENTREGA E RECOLLIDA DE SOLICITUDES SERÁ DE 10:55 H A 11:45H DE LUNS A VENRES E DE 13:25H A 14:15H OS MARTES E XOVES.